

ID#742

Leduzo - Cerqueda - Malpica de Bergantiños, 1980-03

Informantes: Calviño (45) e Celestino (40)

Compiladora: Dorothe Schubarth

Transcripción: Isabel Vigo



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Calviño:

Vamos meterlle no medio
esta nosa profesión
mentres a muller descansa
pois vai a nosa canción-he;

Celestino:

Hasta o debemos facer-e
que entendémonos veciños
que é a nosa profesión-e
da baixa de Berghantiños;

Calviño:

Dous cantadores de raza
cantan sin moito traballo
un que hoxe vive en Leduzo
outro para aló por Tallo;

Celestino:

Leduzo ai ó de Tallo
que imos pasando nas mans-e
como somos profesión-e
ighual que dous ben irmáns-e;

Calviño:

Dámola man un ao outro
ningún deles mara mundo
así cas nosas historias
chamando nomes ao mundo;

Celestino:

Cambia un pouco o detalle
que eu salto dun lado noutro
vivimos á nosa forma
ighual chaman un ao outro;

Calviño:

Pra que ría un pouco a xente
que non tamos cabreados
pro temos grans ocasións
parece taren enfadados;

Celestino:

Enfadados nunca estamos
que non van incomodados
somos ighual no xuício
como fan os avogados;

ID#742



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Calviño:

Imos defender un preito
Celestino e máis José
ó que acabamos a historia
pois xuntos tomar café-ie;

Celestino:

Marchamos un e o outro
pra acabar de contadiño
porque entendémola historia
Celestro e máis Calviño;

Calviño:

Inda hai quen non o cree
non nos viron conocer-e
pro si estricaran as ciantas
habíannos comprender-e;

Celestino:

Pois cando estriquen a cianta
co detalle ha de ir moi ben
tanto eu como Calviño
hanno de conocer ben-e;

Calviño:

Da baixa de Berghantiños
millor sancre non a hai
derreghan pra moitos sitios
pro ven por onde a aiaghua vai-e;

Celestino:

Cai aughua e ben se detalla
co labor tamén se veu
que ha correr a nosa sangre
coma hai aghua polo río;

Calviño:

Sangre da propia da raza
sin chaqueta nin refaixo
non admitimos discusións
que a aiaghua corre pro baixo;

Celestino:

Eu cadroume alghunha vez-e
que se o sei xa non iba
ca sangre da miña vena
ás veces corre pa riba;

Calviño:

Quérena facer correr
contra a nosa profesión
pois decirmoslle a verdá
din que non temos razón-e;

ID#742



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Celestino:

Porque hai moitas personas
pra esto voluntaria
mira que hai alghún papán
quérenos leva a contraria;

Calviño:

Pois ti non lle faghas caso
pídelle clemencia a Dios
ti nos atendas a eles
fai como nos fan a nos-e;

Celestino:

Moitas veces que o sinto
que eu non vou a ningún lado
que tan abrindo na boca
eu chámolle un apampanado;

Calviño:

Pois eu non lle chamo nada
cando estou no camarín
cos que berran e máis silvan
pois son máis tontos ca min-he;

Celestino:

Sinto berrar a ben deles
que eu con eso non me baso
xa che digho aghora mesmo
que non lle podo facer caso;

Calviño:

Non llo debes facer nunca
voucho decir hoxe aquí
porque se é pra facer gherra
contraria a min-he e a ti-e;

Celestino:

Pois daquela desa forma
seremos dous rexubeiros
se é pola miña parte
seghimos de compañeiros;

Calviño:

Cantámoslle aos tres a un tempo
que eu a doutrina sabíaa
a Suárez e ao Rei
e á señora Sofía;

Celestino:

Imos cantar a Madrid-e
co labor ha ser así
e hannos de aprofíare
pois a min e máis a ti-e;

ID#742



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Calviño:

Pois metémosnos nas Cortes
acabamos de contado
porque con dúas cancións
xa está a lei aprobadoo;

Celestino:

Cheghamos a xunto ao Rei-e
que eu nunca me hei de enfadar-e
cantando as nosas cancións
creo que a van aprobar-e;

Calviño:

E se a seña non che abre
non quero ser mentireiro
se vas pra o lado de atrás-e
vas pra xunto o limoeiro;

Celestino:

Alumiolle á ventana
que eu heite desengañar-e
que lle alumio co foco
verás como ha de baixar-e;

Calviño:

Pro así que cheghe á porta
mentres tanto dorme o neno
pro xa te conozo ao dreito
porque ti es máis pequeno;

Celestino:

Pro tás moi equivocado
dunha vez que vou alí
porque ela mira pro outro
que eu son máis ancho ca ti-e.